Imos activar a túa nova conta.

Primeiramente debemos iniciar sesión coa nosa nova conta de iesmugardos.gal

No navegador que utilices teclea [www.google.es](http://www.google.es)

A continuación, na esquina superior dereita teclea onde o rectángulo azul que di: iniciar sesión




Na seguinte pantalla, engade a túa nova conta (nomesapelidos@iesmugardos.gal)




A modo de exemplo, mira a seguinte imaxe. Non esquezas poñer @iesmugardos.gal




Dálle ao botón de “seguinte” e introduce o teu contrasinal e pulsa novamente en “seguinte”.

Agora xa estás na túa sesión de Google pero dentro do que se chama o dominio “iesmugardos.gal”.

Para acceder á aplicación Classroom temos dúas opcións:

1. Fíxate na esquina superior dereita da seguinte imaxe e verás que xa estás identificado na nova conta e aparece un cadrado de 9 puntos. Ao pulsar sobre el despréganse o conxunto de aplicacións asociadas á conta de Google, entre as cales, cara ao final, está Classroom.



Pincha na aplicación. Aparecerá un taboleiro en branco, para entrar preme no botón + que verás na parte superior.




A seguinte pantalla te pedirá crear unha clase ou unirte a unha clase. No teu caso cómpre escoller “unirte a unha clase”.




O seguinte paso será introducir o código de clase achegado polo profesor/a.




E con isto xa formarás parte da nova clase.




1. Tamén podemos acceder directamente a través do navegador tecleando google.classroom.com que nos redirixe a iniciar sesión na nosa conta.

Para acceder máis facilmente desde o teu dispositivo móbil, podes descargar a app Classroom dispoñible na tenda de aplicacións, tanto Google Play Store como Apple Store.

Lembra que para identificarte na app debes teclear completa a túa nova identificación na conta de iesmugardos.gal

Lembra tamén que para recibir notificacións de Classroom deberás ter activados os permisos correspondentes na conta de Google e na aplicación móbil.